

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE OUTUBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se regula o censo de solo empresarial de Galicia e o seu réxime sancionador.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lugo do treito inicial da LU-530 entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+855.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara o sector electrointensivo galego como esencial e estratéxico para a economía.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, para dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª g) do prego de bases da concesión administrativa para a explotación da presa de Caldas de Reis como aproveitamento hidroeléctrico, por importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se aproban as bases e se



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (PL500E), por un importe total de trescentos corenta e dous mil trescentos sesenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (342.365,46 €).

- Acordo polo que se modifican as contías das compensacións económicas que van percibir as persoas que asumen responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención e vixilancia dos escolares comensais e se amplían os perfís de persoas colaboradoras excepcionalmente durante a pandemia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do paquete de medidas adoptadas para paliar os efectos económicos derivados do peche dos establecementos de lecer nocturno como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola covid-19.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a tuberculose en Galicia no ano 2019 e evolución no período 1996-2019. Propostas de futuro.
- Informe sobre a posta en funcionamento da aplicación PassCOVID para dispositivos móbiles.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe relativo á resolución da convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social de Galicia para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2020, 2021 e 2022, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

TODA A SUPERFICIE COMERCIALIZABLE DE GALICIA ESTARÁ DISPOÑIBLE NO CENSO DE SOLO EMPRESARIAL XESTIONADO POLA XUNTA

- *O Consello da Xunta aprobou o decreto que regula este rexistro público, que será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e que permitirá coñecer o grao de ocupación das áreas empresariais existentes*
- *Deberá inscribirse neste censo todo o solo empresarial actualmente dispoñible para a súa comercialización, así como o que se urbanice de xeito inmediato e con independencia de quen sexa o seu promotor ou propietario*
- *Os interesados poderán acceder á información do Censo a través da web do IGVS*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se regula o censo de solo empresarial de Galicia, no que estarán inscritas todas as áreas empresariais emprazadas na comunidade autónoma, tanto as que teñan solo dispoñible na actualidade, como as previstas para o seu inmediato desenvolvemento e que servirá para coñecer toda a oferta de solo empresarial existente en Galicia, xa que o seu acceso será público.

Deste xeito, Galicia será unha das primeiras comunidades autónomas en dispoñer dun censo de solo empresarial global, exhaustivo e actualizado, co fin de facilitar información sobre as posibilidades de asentamento ás empresas que elixan a Comunidade galega como centro de desenvolvemento da súa actividade e para fomentar riqueza e emprego.

O decreto establece que será obrigatoria a inscrición no censo de todas as áreas empresariais existentes en Galicia que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización. Tamén será obrigatoria a inscrición das áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. A obriga comprende todas as áreas empresariais emprazadas na Comunidade Autónoma, independentemente de que sexan promovidas por persoas físicas ou xurídicas, promotoras públicas ou privadas e con independencia de onde teñan o seu domicilio social os promotores.

Os datos do censo serán públicos, accesibles a través da web do Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo encargado da súa xestión. Os usuarios poderán coñecer a dispoñibilidade de solo empresarial en Galicia, xa que será obrigatorio especificar en cada caso a oferta dispoñible, individualizada por parcelas identificadas coa súa referencia catastral, superficie e usos permitidos. Indicarase o tipo de espazo dispoñibles (naves, oficinas ou parcelas), os usos (servizos, industriais, comerciais ou loxística) e a natureza da operación (venta, arrendamento con ou sen opción de compra, dereito de superficie con ou sen opción de compra).

Serán os promotores das áreas empresariais os responsables da inscrición no censo do solo dispoñible ou de inmediato desenvolvemento, polo que contarán cunha aplicación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

informática na web do IGVS que lles facilitará o traballo de proporcionar a información necesaria, detallada no decreto que regula o censo.

Para a inscrición do solo no censo, os promotores disporán dun prazo de tres meses contados a partir da data da entrada en vigor dos correspondentes plans parciais ou proxectos sectoriais. No caso de áreas empresariais que xa estean en urbanización ou en funcionamento no momento de entrada en vigor do decreto, o prazo para a inscrición será de seis meses desde o momento en que o decreto estea en vigor, o que sucederá un mes despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os cambios que se produzan na situación das parcelas inscritas, como venda ou arrendamento, deberá ser comunicado no prazo máximo dun mes para que a información pública do censo se manteña actualizada.

A información pública do censo de solo empresarial estará dispoñible a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

No caso de incumprimento da obriga de inscrición no censo de solo empresarial de Galicia, as sancións irán de 1.000 a 10.000 euros, segundo establece o réxime sancionador regulado polo decreto.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE LUGO DO TREITO INICIAL DA ESTRADA LU-530, ENTRE A RÚA SAN EUFRASIO E O PASEO DO RATO

- *Trátase do treito duns 900 metros de lonxitude que discorre integramente polo termo municipal, en que a Xunta vén de renovar o firme e a sinalización horizontal*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta manterá dentro da competencia autonómica os estribos e muros do viaduto sobre o río Fervedoira*
- *O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Lugo, do treito da estrada autonómica LU-530, entre a rúa San Eufrasio e o Paseo do Rato.

O Concello solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade do treito inicial desta estrada, que comunica a cidade de Lugo e A Fonsagrada, entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+855.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Xunta en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia deste treito que descorre na súa totalidade polo termo municipal e que vén a ser obxecto da renovación do firme e sinalización horizontal por parte da Xunta.

Está previsto manter dentro da competencia autonómica os estribos e muros de acompañamento do viaduto sobre o río Fervedoira, no punto quilométrico final do treito que se transfire.

A transferencia a prol do Concello de Lugo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Goberno galego, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DECLARA O SECTOR ELECTROINTENSIVO GALEGO ESENCIAL E ESTRATÉXICO PARA A ECONOMÍA DA COMUNIDADE

- *O Consello dá cumprimento ao compromiso adquirido no mes de xullo cando se presentou o Plan da Xunta para esta industria*
- *Permitirá considerar prioritarios aqueles proxectos industriais de ampliación, modernización ou transformación que cumpran requisitos vinculados ao emprego, o investimento ou ao seu carácter tractor*
- *Estas iniciativas poderán reducir á metade a tramitación administrativa para axilizar a súa implantación e posta en marcha sempre e cando manteñan os requisitos exixidos e cumpran as directrices autonómicas a nivel lexislativo, técnico e ambiental*
- *O electrointensivo supón o 5,7 % do VAB da Comunidade e representa o 45,2 % do sector industrial galego*

O sector electrointensivo galego será esencial e estratéxico para a economía da Comunidade, tal e como se acordou na reunión desta mañá do Consello da Xunta. Deste xeito, o Goberno galego cumpre o compromiso adquirido o pasado mes de xullo, cando se presentou o Plan da Xunta para esta industria.

O Consello adopta esta decisión tendo en conta que a actividade industrial é esencial para o crecemento e desenvolvemento económico da Comunidade e que é responsabilidade dos diferentes gobernos incluír políticas nas súas axendas que impulsen e desenvolvan a longo prazo o sector. No caso concreto da industria electrointensiva, ademais, ten un importante peso en Galicia, xa que supón o 5,7 % do valor engadido bruto (VAB) e representa case a metade (45,2 %) do sector industrial galego.

Unha industria que engloba o sector do aluminio (Alcoa, Cortizo, Aluman, Exlabesa e Extrugasa), pero tamén a siderurxia (Megasa e Celsa), a metalurxia non férrea (Ferroatlántica e Xeal), a fabricación de cementos (Cementos Cosmos), a transformación da madeira (Finsa, Grupo Tojeiro e Intasa) e os sectores papeleiro (Ence), químico (Showa Denko Carbon Spain) e conserveiro (Jealsa e Frinsa) e que se caracteriza porque o custo enerxético da súa actividade pode chegar a supoñer un 50 % dos custos de produción, polo que a electricidade é un factor primordial nos seus procesos.

Grazas a esta declaración, as empresas que integren o sector electrointensivo de Galicia que presenten proxectos de ampliación, modernización ou transformación e cumpran, polo menos, dous dos seguintes requisitos -xeración de 25 ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa; que impliquen un investimento en activos fixos igual ou superior a un millón de euros; que sexan tractores ou complementen cadeas de valor- terán con carácter automático a consideración de iniciativas empresariais prioritarias. Isto outorga carácter prioritario



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aos trámites que son competencia do Goberno autonómico para a implantación e posta en marcha do proxecto, reducindo os prazos administrativos á metade, sempre e cando manteñan os requisitos exixidos e cumplan as directrices autonómicas a nivel legislativo, técnico e ambiental. Así mesmo, serán obxecto dun seguimento personalizado e específico desde a Oficina *Doing Business Galicia* ata a súa implantación.

Con este acordo, a Xunta intenta avanzar na defensa do sector electrointensivo en Galicia e, polo tanto, na adopción de medidas que permitan manter a actividade e o emprego vinculado a este sector nun momento de especial dificultade, tendo en conta situacións como a de Alcoa San Cibrao. O peche do proceso de fabricación de aluminio primario tería impacto sobre máis dun milleiro de empregos, por iso desde a Xunta seguiranse ofrecendo solucións que permitan dar viabilidade e futuro a esta importante industria.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DESTINAR CASE 400.000 EUROS DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DO UMIA AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E SOCIAIS EN CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

- *Os tres concellos beneficianse anualmente desta achega económica procedente da concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis*
- *Cada un destes municipios recibirá máis de 130.000 euros de Augas de Galicia*
- *Desde o ano 2002 os tres concellos recibiron da Xunta máis de 6,6 millóns de euros do canon do encoro que axudaron a apoiar actuacións culturais e de asistencia social*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña, polo que Augas de Galicia destinará 392.535 euros do canon de explotación do encoro do Umia ao financiamento de actuacións educativas e sociais nestes tres municipios da provincia de Pontevedra.

O executivo autonómico autorizou así a sinatura, un ano máis, do convenio en que participa como entidade colaboradora a Deputación Provincial de Pontevedra, que asume o labor de administrar estes fondos autonómicos entre estes tres concellos e velar pola súa correcta aplicación.

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña beneficianse anualmente da achega económica a que está obrigada a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis.

A cantidade achegada por Augas de Galicia é de algo máis de 130.000 euros para cada un destes concellos, que poderán financiar con cargo a estes fondos actividades educativas e sociais que se organicen desde o día 1 de xaneiro de 2020 e ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Desde o ano 2002, a Xunta de Galicia asignou de 6,6 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis a estes municipios, que serviron para financiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

Mediante o acordo aprobado hoxe, o Goberno galego incentiva axudas á xestión municipal e impulsa a colaboración entre administracións.

A XUNTA CONVOCA OITO BOLSAS DE FORMACIÓN PARA ENSINAR GALEGO EN DISTINTAS UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL, ITALIA E BRASIL

- *O Consello dá visto bo á convocatoria dotada de máis de 300.000 euros para lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en Barcelona, Estremadura, Granada, Lisboa, Madrid, Padua, Río de Xaneiro e Sao Paulo*
- *Enmárcase no compromiso do Goberno galego por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais da lingua incorporándoos aos centros de estudos galegos de distintas partes do mundo*

O Consello da Xunta vén de dar visto bo á convocatoria pública de oito bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades de España e de países como Portugal, Italia e Brasil cun investimento global de máis de 300.000 euros, dentro do compromiso do Goberno autonómico por promover e divulgar a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

O programa de formación terá un marcado carácter práctico e durará tres anos. Estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galega. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades no marco do convenio asinado coas universidades de destino, que nesta convocatoria son a Universitat de Barcelona, a Universidade de Estremadura, a Universidade de Granada, a Universidade Nova de Lisboa, a Universidade Complutense de Madrid, a Università degli Studi di Padova, a Universidade do Estado do Río de Xaneiro e a Universidade de Sao Paulo.

Poderán participar as persoas menores de 35 anos que estean en posesión dalgunha das titulacións de Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego; o grao en Lingua e Literatura Galegas; o grao en Estudos de Galego e Español; o grao en Galego e Portugués ou a licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, teñan cursados determinados créditos en galego. Tamén poderán participar os lectores que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar por causas alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derivase da resolución dun procedemento de tipo disciplinario.

Preto de 30 universidades con lectores

A convocatoria destas bolsas de formación enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por difundir a lingua e literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios para fomentar a docencia en galego. Os máis recentes veñen de ser aprobados en Consello recentemente coa renovación da colaboración coas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

universidades en Alemaña, Portugal e en Cataluña, Castela e León e Madrid cun investimento de máis de 200.000 euros.

Con todas estas accións a Xunta de Galicia está a facilitar que a día de hoxe o galego poida estudarse en ata en 36 universidades (9 nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –profesores auxiliares que ensinan a lingua en determinados centros de ensinanza–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización, etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A través desta convocatoria de formación, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgrao nas universidades de destino.



A XUNTA DESTINA 1,7 M€ PARA REFORZAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, COA CONTRATACIÓN DE MÁIS PERSOAL E MELLORAS ECONÓMICAS

- *Grazas a estas medidas haberá máis de 200 persoas a maiores atendendo este servizo complementario, ao tempo que se poderá aumentar o número de prazas dispoñibles*
- *Nos comedores de xestión directa, auméntase o número de voluntarios autorizados, incrementase a contía da compensación que reciben por atender o servizo e ábrese a posibilidade de que outras persoas poidan desenvolver tamén ese labor*
- *Nos comedores de xestión indirecta modifícanse á alza os contratos das adxudicatarias para que reforcen a contratación de máis monitores*

A Xunta de Galicia vai poñer en marcha un paquete de medidas para reforzar o servizo de comedor escolar nos centros educativos que abranguen, principalmente, a contratación de máis persoal e o incremento das contías percibidas por atender este servizo.

Ao abeiro desta iniciativa, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vai inxectar un total de 1,7 millóns de euros para implementar estas melloras que suporán a incorporación de máis de 200 persoas a maiores para atender este servizo complementario, ao tempo que se poderá aumentar o número de prazas dispoñibles e, deste xeito, dar cobertura ás demandas das familias e do conxunto da comunidade educativa neste eido.

Este reforzo derívase do esforzo adicional que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade está a facer para cumprir o seu obxectivo primordial neste curso excepcional, que non é outro que o de garantir a seguridade sanitaria nos centros educativos no contexto da situación de pandemia. Cómpre lembrar, ademais, que Galicia conta cun dos servizos de comedor máis importantes, que concentra o 10 % do gasto estatal neste servizo.

Comedores de xestión directa

No caso dos comedores de xestión directa -isto é, con cociña propia e colaboradores procedentes do ámbito familiar dos usuarios- a Consellería ten previsto incrementar en 166 máis o número de colaboradores voluntarios autorizados, así como a contía das compensacións diarias que recibe cada colaborador por atender o dito servizo, cuestión esta última que absorbe arredor de 1,14 M€.

Co incremento das contías preténdese compensar a maior dedicación que as persoas con responsabilidades no comedor escolar e as persoas colaboradoras neles van levar a cabo durante este curso escolar 2020/2021, derivadas da especial vixilancia e coidado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

requiridos polo cumprimento das previsións dos protocolos, así como, se é o caso, polo maior tempo de dedicación motivado pola fixación de varias quendas no desenvolvemento do servizo.

Ademais, o Consello da Xunta aprobou que se abra a posibilidade de que poidan ser colaboradores de comedor outras persoas conviventes co alumnado, e non só as nais e pais, como ata o momento. É dicir, permítese ampliar excepcionalmente a outros familiares conviventes, que residan no mesmo domicilio dos menores comensais, a posibilidade de colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e vixilancia nos comedores escolares.

Esta necesidade derívase da dificultade de atopar persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia ou colaboradores directos dispoñibles previstos de xeito ordinario en número suficiente. Esta colaboración voluntaria desenvolverana nos mesmos termos previstos na lexislación sectorial educativa ao respecto dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado. A ampliación manterase mentres dure a aplicación das medidas educativas e sanitarias para paliar os efectos da pandemia e só se aplicará se non se atopan os colaboradores pola vía habitual.

Deste xeito -co incremento de 166 novos voluntarios autorizados- chegaríase a un total de 3.885 colaboradores neste curso 2020/2021, o que supón un investimento a maiores de 259.068 euros. Esta medida, combinada coas anteriores, permitirán abordar a creación de 129 novas prazas de comensais, co fin de avanzar de xeito decidido na conciliación da vida laboral e familiar, o que suporá 103.329 euros adicionais.

Xestión indirecta

Por outra banda, no que atinxe aos comedores de xestión indirecta atendidos con servizo de *catering* e monitores, vaise a abordar a modificación dos contratos asinados coas empresas adxudicatarias do servizo, co fin de aumentar o número dos monitores vixiantes existentes. A previsión é aumentar un total de 42 monitores, o que supón un gasto a maiores de 217.142 euros no curso 2020/2021.

Cómpre lembrar que este paquete de medidas a prol de asegurar o comedor escolar engádesse ao apoio ás anpas que xestionan este servizo, ás cales o Goberno galego lles mantén o importe íntegro da subvención para todo o curso incluídos os meses en que non prestaron o servizo debido á suspensión das clases e compensarlles así os gastos extra para este curso derivados da implantación de medias de seguridade por mor da covid-19.



A XUNTA APROBA UN PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O OCIO NOCTURNO DOTADO CON 4,8 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS DIRECTAS E UNHA LIÑA DE PRÉSTAMOS

- *O Goberno galego dá así cumprimento ao acordado cos representantes do sector, o único pechado de forma total por mor da pandemia*
- *O Plan de recuperación inclúe 2,2 millóns de euros para sufragar os gastos de alugueiro dos locais*
- *Poderán solicitar tamén axudas convocadas desde a Consellería de Emprego e Igualdade, dotadas con 2 millóns de euros e vinculadas ao compromiso do mantemento do emprego*
- *Habilitaranse 600.000 euros para sufragar a celebracións de concertos e poderán optar a préstamos como medida de apoio financeiro*
- *Os distintos departamentos da Xunta implicados publicarán cadansúa convocatoria de axudas cos detalles e o prazo de solicitude*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un informe que dá conta do Plan de recuperación destinado ao ocio nocturno. A iniciativa está dotada con 4,8 millóns de euros en axudas directas para o alugueiro, o mantemento do emprego e á celebración de concertos; así como unha liña de préstamos. O Goberno galego dá así cumprimento ao acordado cos representantes do sector durante as reunións semanais que vén mantendo con eles.

Cómpre recordar que os locais de ocio nocturno son os únicos que permanecen pechados totalmente debido ás restricións sanitarias. Así, pecharon durante o Estado de Alarma e non puideron volver abrir ata o 1 de xullo, cando reanudaron á súa actividade con restricións de capacidade. O 15 de agosto, mes e medio despois, tiveron que pechar de novo, debido á decisión tomada polo Ministerio de Sanidade, en coordinación coas comunidades autónomas, para frear a epidemia de coronavirus. Polo tanto, desde o 15 de agosto estes locais permanecen pechados, agás as terrazas, que a Xunta permitiu abrir o 11 de setembro, baixo determinadas condicións.

Tendo en conta estas circunstancias, resulta evidente que o sector está sendo especialmente afectado polos efectos da pandemia. Por iso, a Xunta decidiu poñer en marcha un plan de recuperación específico. Hoxe establécese o marco xeral destas axudas, que despois terán que ser convocadas de forma concreta polos distintos departamentos da Xunta implicados.

Para os efectos destas axudas, serán considerados como locais de ocio nocturno as discotecas, pubs, cafés-espectáculo e salas de festa, segundo o recollido no catálogo de espectáculos públicos de Galicia. Tamén se incluírá ás salas de concertos que funcionen de forma análoga.

Axudas directas e préstamos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A Vicepresidencia Primeira habilitará as axudas para sufragar os gastos de alugueiro. Destinará para este fin 2,2 millóns de euros. Poderán optar a elas aqueles locais que acrediten estar pechados como consecuencia directa das restricións sanitarias adoptadas desde o 15 de agosto; cuxo contrato de alugueiro estea en vigor desde xaneiro de 2020, e sempre que este permaneza vixente durante un ano despois de que se permita a reapertura dos locais, co compromiso do mantemento do emprego e da actividade durante ese tempo.

Os locais tamén poderán optar ás axudas convocadas desde a Consellería de Emprego e Igualdade, cun importe total que ascende a 2 millóns de euros, sempre que garantan o mantemento do emprego.

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade sufragará a celebración de concertos por parte dos cafés-concerto, salas habilitadas para ese fin ou locais con actividades asimilables desde que poidan abrir ao público. Os beneficiarios deberán ter organizado un mínimo de 15 concertos durante o ano 2019. Para este fin, destinarase unha partida total de 600.000 euros. O importe dos proxectos presentados deberá ser superior aos 25.000 euros e a Xunta subvencionará, como máximo, o 80 %, incluíndo os gastos de produción e *cachés* de músico.

Por último, e para complementar estas actuacións, a Vicepresidencia Segunda, a través do Igape, ofrecerá ao sector apoio financeiro a través dos programas deseñados para acompañar o tecido empresarial, especialmente as pemes.

A XUNTA DESTINA 4M€ Á MELLORA DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA DE OITO PARQUES EMPRESARIAIS DE GALICIA

- *Trátase dunha nova liña de axudas que contribúe a garantir a seguridade e calidade do servizo*
- *Súmase aos apoios para mellorar as infraestruturas de 29 parques empresariais e para a implantación de cinco viveiros*
- *Galicia apoia este ano 46 proxectos que mobilizarán preto de 10 millóns de euros e permitirán impulsar a competitividade do seu tecido industrial*

A Xunta destinará 4M€ á liña de axudas para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais galegos, tal e como se informou tras a reunión do Consello do Goberno galego en que se avaliou a resolución destes apoios convocados este ano por primeira vez.

A nova liña permitirá executar un total de oito proxectos en parques empresariais dos concellos de Vedra, Coirós e Aranga, na provincia da Coruña; Chantada, en Lugo; Cortegada e Vilamarín, en Ourense; e Valga e Dozón, en Pontevedra.

En total, prevese mobilizar 5,2 millóns de euros a través destas iniciativas que contribuirán a garantir a seguridade e a calidade do servizo, unha vella demanda por parte das empresas. As axudas concedidas aos oito concellos (dos cales seis son Concellos Emprendedores) cubrirán de media o 77 % do investimento e poden beneficiarse de anticipos de ata o 50 %.

Estas actuacións enmárcanse na aposta da Xunta por impulsar a actividade industrial e complementa outras axudas postas en marcha para apoiar os parques empresariais galegos. En concreto, este ano tamén se destinan 2,5M€ en 33 proxectos que melloran as infraestruturas de 29 parques en 28 concellos galegos; e 1M€ para a construción de cinco viveiros industriais. Polo tanto, a través das tres ordes de axudas, o Goberno galego apoia con 7,5M€ os parques industriais galegos co obxectivo de mellorar a oferta de solo e a competitividade empresarial. Os 46 proxectos apoiados suporán a mobilización de preto de 10 millóns de euros.

A TUBERCULOSE DESCENDE EN GALICIA UN 74,2 % DESDE A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DA ENFERMIDADE

- *Galicia rexistra durante 2019 un total de 507 casos de tuberculose*
- *O 96,9 % dos pacientes que iniciaron tratamento en 2018 curáronse, unha porcentaxe moi por riba do obxectivo da OMS que é do 85 %*
- *Sanidade destaca a importancia de diminuír o tempo de diagnóstico e cortar a cadea epidemiolóxica de transmisión de casos*

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, presentou en Consello da Xunta o informe anual da tuberculose realizado polo Programa galego de prevención e control da tuberculose, con datos do ano 2019 e a evolución do período 1996-2019. Entre 1996-2019 a diminución media anual foi do 5,7 %, pasando de 1.963 casos novos en 1996 a 507 en 2019, o que supón un descenso do 74,2 %.

Desde a posta en marcha do primeiro Programa galego de prevención e control da tuberculose, no ano 1996, a incidencia da tuberculose na nosa comunidade descendeu de forma progresiva e constante. Os indicadores tamén reflicten a presentación dos casos en idades máis avanzadas e o alto índice de resultados satisfactorios dos tratamentos instaurados, ao que contribúe que máis da metade dos casos teñan un tratamento en réxime supervisado.

Os bos resultados acadados constatan un programa ben estruturado, cun sistema epidemiolóxico de vixilancia específico para a tuberculose e o traballo, esforzo e coordinación dos profesionais da sanidade galega, en especial dos equipos das sete unidades de tuberculose (UTB) de Galicia, dos microbiólogos e do Laboratorio de referencia de micobacterias de Galicia.

A tuberculose é un problema de saúde pública (non só un problema individual), dado que se trata dunha enfermidade contaxiosa por vía aérea e un enfermo sen tratar implica risco de transmisión da tuberculose ao resto da comunidade. O desenvolvemento do Programa galego permite realizar o diagnóstico o máis rápido posible e poñer a todos os enfermos baixo tratamento para reducir este risco. Ao mesmo tempo, establécese o estudo a todas as persoas que estiveron en contacto cun caso de tuberculose contaxiosa e ofrece tratamento a aqueles que están infectados, evitando que desenvolvan a enfermidade nun futuro.

Outros datos destacados de 2019

O 59,8 % dos casos presentáronse en homes fronte ao 40,2 % en mulleres. Por grupos de idade, a incidencia máis alta foi nos maiores de 74 anos (43,1 casos por 100.000 habitantes en homes e 20,5 en mulleres).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O 96,9 % dos pacientes que iniciaron tratamento en 2018 curáronse, unha porcentaxe moi por riba do obxectivo da Organización Mundial da Saúde que é do 85 %. Faleceron por tuberculose o 0,8 % dos casos deste ano.

No marco do programa, estudáronse 3.451 contactos de enfermos de tuberculose e deles 55 persoas (1,6 %) xa estaban enfermas no momento do estudo, o que representa un 10,8 % sobre o total de casos de tuberculose. Dos 55 contactos diagnosticados como enfermos, 32 eran menores.

Programa ata 2020: diminución da incidencia do 25 %

O actual Programa galego de prevención e control da tuberculose, que abarca o período 2017-2020, pretende conseguir unha diminución da incidencia da tuberculose do 25 % respecto á do ano 2015. Este obxectivo permite situar a Galicia como unha comunidade con baixa incidencia de tuberculose, ao ser este o comezo da fase de eliminación. Está enmarcado na estratexia *Fin da tuberculose* da Organización Mundial da Saúde (OMS), de acadar unha incidencia menor de 10 casos por 100.000 habitantes no ano 2035.

Neste 2020 remata a vixencia do actual programa, polo que no vindeiro ano avaliaranse todos os obxectivos e revisaranse as estratexias vixentes por se houbera a necesidade de reformular algunha en consonancia coa estratexia da OMS.

Prevenición, rapidez de diagnóstico e estudo de contactos

Sanidade considera que se debe manter a tuberculose como liña clave e potenciar as unidades de prevención e control desta enfermidade (UTB), reforzándoas no seu papel de unidades de referencia para o diagnóstico, seguimento e tratamento de todos os enfermos e infectados. Nestes últimos anos, a evolución é moi satisfactoria e a maior parte dos indicadores para o manexo dos casos e infectados amosaron unha melloría, ben que a tendencia descendente desde o 2015 ata o 2019 no número de casos foi do 13,2 % e a diminución por termo medio anual do 3,2 %.

Sanidade destaca a importancia de seguir mellorando na diminución no atraso diagnóstico e apostando polos estudos de contactos e de infección tuberculosa en colectivos de especial vulnerabilidade, para así cortar a cadea epidemiolóxica de transmisión.

A XUNTA LANZA A APLICACIÓN PASSCOVID, UNHA CANLE DE CONTACTO TELEMÁTICA COS CIDADÁNS PARA FACILITAR A XESTIÓN DA PANDEMIA

- *Ofrece información actualizada sobre a situación da crise sanitaria en todo o territorio e a nivel local con avisos, recomendacións e alertas das medidas e restricións que activen as autoridades sanitarias*
- *O seu uso será voluntario, permitindo o envío de contactos estreitos ao Centro de Seguimento de Contactos e o acceso ás distintas plataformas de Sanidade para o seguimento dos casos positivos*
- *PassCOVID complementa o labor de rastrexo automatizado de RadarCOVID con outras funcionalidades para seguir facilitando a colaboración cidadá na resposta á crise sanitaria*

A Xunta de Galicia pon en marcha o sistema PassCOVID, un instrumento de apoio á xestión da pandemia que tamén actuará como canle de contacto telemática cos cidadáns e que estará dispoñible desde o vindeiro sábado 17 de outubro.

O seu uso será voluntario e estará dispoñible para calquera persoa que se atope en Galicia, ben sexa residente ou transeúnte, en forma de aplicación, que poden descargar no seus dispositivos móbiles

Con esta aplicación, conectada directamente co Servizo Galego de Saúde, Galicia suma unha nova ferramenta dixital para facilitar a colaboración cidadá na resposta á crise sanitaria.

Así, ao labor de rastrexo automatizado que realiza a app estatal RadarCOVID, PassCOVID engade múltiples funcionalidades como: ofrecer información actualizada da situación da pandemia en todo o territorio e mesmo a nivel local con avisos; facilitará a comunicación de contactos estreitos en caso de ser confirmado positivo; permitirá o acceso ao código alfanumérico para introducir en RadarCOVID e recibir alertas de establecementos en que se rexistren concentracións de contaxios.

Información

As persoas que descarguen PassCOVID poderán optar por facelo como usuarios identificados, empregando o sistema de claves concertadas Chave 365, ou ben facelo de xeito anónimo. En función do perfil que elixan a información que recibirán será máis ou menos personalizada.

Calquera usuario da aplicación terá acceso a información sobre a situación da pandemia en toda a Comunidade e poderá seleccionar o concello do seu interese para estar ao tanto das restricións o medidas que se adopten nese municipio. Ademais, todos os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

usuarios recibirán alertas, avisos e recomendacións que as autoridades sanitarias emitan sobre a evolución da Covid-19.

Situación epidemiolóxica do cidadán respecto da covid-19 e declaración de contactos estreitos.

A persoa que se identifique empregado o Chave 365 recibirá información sobre se foi identificado como contacto estreito ou diagnosticado da covid-19. Neste caso, poderá informar a través da app dos contactos estreitos ao Centro de Seguimento de Contactos do Sergas. Tamén recibirá no móbil o código para introducir en RadarCOVID e iniciar a comunicación a posibles contactos de proximidade que permite esa aplicación.

Neste labor de apoio á xestión da crise, a app facilita tamén o acceso ás ferramentas do Sergas para o seguimento da enfermidade en pacientes en domicilio; dos contactos estreitos así como ao rexistro de viaxeiros para aquelas persoas que chegan á Comunidade procedentes dunha zona de alta incidencia do virus.

Rexistro en establecementos

Para facilitar a xestión temperá de posibles contactos en establecementos PassCOVID permitirá ao usuario rexistrar, a través dun código QR, aqueles establecementos en que estivese.

No caso de que a autoridade sanitaria determine que nun establecemento concentrouse un número de contaxios relevante nunha data ou datas concretas, poderá enviar un aviso á PassCOVID. Se un usuario da app estivo nese local e o rexistrou debidamente, recibirá un aviso da situación e as instrucións adecuadas.

Ademais, se a persoa é diagnosticada de covid-19, poderá compartir co Servizo Galego de Saúde a súa listaxe de establecementos e así colaborar coa xestión da pandemia. Esta funcionalidade irase activando dun xeito progresivo, comezando polos establecementos turísticos, que poderán descargarse o código QR a través da plataforma Turespazo.

Toda a información relativa a PassCOVID está dispoñible no portal passcovid.xunta.gal.

A XUNTA APROBA UN INCREMENTO HISTÓRICO NA ORDE DE AXUDAS A ENTIDADES DE INCLUSIÓN SOCIAL, QUE SUPERA OS 17 MILLÓNS DE EUROS, PARA FINANCIAR PRETO DUN MILLEIRO DE ACTUACIÓNS

- *Este orzamento ponse á disposición de 128 organizacións para os gastos de funcionamento de centros de inclusión e emerxencia, actuacións que complementen os servizos sociais básicos e intervencións de integración sociolaboral, entre outros*

O Consello da Xunta vén de informar da resolución da orde de subvencións para entidades de inclusión social de maior contía na historia da comunidade: 17,8 millóns de euros que se poñen á disposición do tecido asociativo de Galicia para desenvolver actividades nos vindeiros dous anos dirixidas ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión entre 2020 e 2022.

Este orzamento supón un incremento do 12 % con respecto da última convocatoria, a de 2018-2020. Trátase da sétima vez consecutiva que se aumenta o crédito desta orde de axudas, que está cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). A última convocatoria desta liña de subvencións financiou 846 proxectos, e estímase que neste exercicio poidan facerse realidade arredor de 964 propostas.

A través desta orde as entidades poderán cubrir gastos de funcionamento dos centros de inclusión e emerxencia social, así como actuacións singulares que complementen os servizos sociais básicos. Estas achegas tamén se poden destinar ao financiamento de servizos de formación adaptada; intervencións en zonas de exclusión e apoio á integración sociolaboral; iniciativas de inclusión da poboación inmigrante e investimentos en centros de inclusión e emerxencia social.

O reforzo desta liña de axudas contribuirá e axudará tamén a paliar as consecuencias que está a ter a pandemia da covid-19 nos colectivos máis desprotexidos, como son as persoas sen fogar, en risco de exclusión ou inmigrantes